



CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

Aprobada inicialmente a Ordenanza municipal reguladora para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira, por Acordo do Pleno de data 23 de xuño de 2021, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello de Antas de Ulla.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

Antas de Ulla, 30 de xuño de 2021.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 2015

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2021, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro de auga.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello de Antas de Ulla.

Se transcrito o devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerárase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Antas de Ulla, 30 de xuño de 2021.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 2016

BALEIRA

Anuncio

Formada e rendida a Conta Xeral do exercicio 2020 e dictaminada pola Comisión Especial de Contas expónse ó público, xunto co dictame de dita Comisión, na Secretaría do Concello durante o prazo de quince días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante o devandito prazo os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que coiden pertinentes.

Baleira, 30 xuño de 2021.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2017

GUITIRIZ

Anuncio

EXPEDIENTE Nº 483/2021

Aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito 1-2021. Crédito Extraordinario.

Rematado o prazo de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 27 de maio de 2021 no que se aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria consistente en crédito extraordinario por un importe total de 198.417,65€ sen que se presentase reclamación algunha contra o mesmo, enténdese elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.

En consecuencia e segundo dispón o artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público o resumo por capítulos dos estados de gastos e ingresos trala aprobación definitiva de dito expediente:

Capítulo	GASTOS			INGRESOS		
	Consignación Inicial	Modificacións	Consignación Definitiva	Previsión Inicial	Modificacións	Consignación Definitiva
1	2.427.629,33	113.334,69	2.540.964,02	1.471.130,10	0,00	1.471.130,10
2	1.684.574,00	219.919,39	1.904.493,39	55.000,00	0,00	55.000,00
3	6.000,00	0,00	6.000,00	612.418,00	0,00	602.827,00
4	73.200,00	17.916,55	91.116,55	2.122.855,23	189.223,97	2.312.079,20
5	50.000,00	-50.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00
6	20.000,00	1.698.829,75	1.718.829,75	0,00	0,00	0,00
7	0,00	0,00	0,00	0,00	724.562,23	724.562,23
8	12.500,00	0,00	12.500,00	12.500,00	1.086.214,18	1.098.714,18
9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	4.273.903,33	2.000.000,38	6.273.903,71	4.273.903,33	2.000.000,38	6.273.903,71

Guitiriz, 29 de xuño de 2021.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2018

GUNTÍN

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2021

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2021, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 8 de xuño de 2021, ao non presentarse reclamacións en prazo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos á contía de 2.851.756,63€, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS	
Cap. 1.- Gastos de persoal	1.220.941,80	Cap. 1.- Impostos Directos	703.849,63
Cap .2.- Gastos en bens correntes e servizos	950.041,21	Cap. 2.- Impostos Indirectos	32.000,00
Cap. 3.- Gastos financeiros	0,00	Cap. 3.- Taxas e Outros Ingresos	153.600,00
Cap. 4.- transferencias correntes	120.954,73	Cap. 4.- Transferencias correntes	1.549.556,07

Cap. 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00	Cap. 5.- Ingresos Patrimoniais	0,00
Cap. 6.- Investimentos reais	559.818,89	Cap. 6.- Alleamento de Investimentos Reais	0,00
Cap. 7.- Transferencias de capital	0,00	Cap.7.- Transferencias de capital	412.750,93
Cap. 8.- Activos Financeiros	0,00	Cap.8.- Activos Financeiros	0,00
Cap. 9.- Pasivos Financeiros	0,00	Cap. 9.- Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL GASTOS	2.851.756,63	TOTAL INGRESOS	2.851.756,63

Na referida sesión tamén se acordou aprobar o cadro de persoal que, de acordo co que se preceptúa no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, reproducése a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Nº	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO	NIVEL CD
01	Secretario-Interventor Agrup. Taboada	A1	28
01	Administrativo	C1	22
01	Administrativo (vacante)	C1	16
01	Administrativo Administración Especial (vacante)	C1	16
01	Alguacil-Porteiro	AP	14
01	Operario Administración Especial (vacante)	AP	14
01	Conserxe	AP	14
01	Arquitecto 50% xornada (vacante)	A1	24

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Nº	DENOMINACIÓN PRAZA
01	Operario de Servicios Múltiples, asimilado AP
01	Peón de obras
01	Peón de Servizos Múltiples, asimilado AP (Vacante)
01	Limpador edificios, asimilado AP (Desempeñado por Laboral Temporal) (*)
01	Administrativo
01	Informador Xuvenil
01	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local
01	Traballador social (posto de nova creación)
01	Encargado/a Punto de Atención á Infancia (P.A.I), Técnico Medio (Cuberto por interinidade) (*)
01	Persoal de apoio do Punto de Atención á Infancia (P.A.I) (Cuberto por interinidade) (*)

(*) Consignación orzamentaria en Persoal Laboral Temporal.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Nº	DENOMINACIÓN PRAZA
09	Auxiliares de Axuda a Domicilio
01	Técnico de Explotacións Agrícolas
02	Socorristas Piscinas
08	Brigadas de incendios e desbroces (de existir subvención)

Guntín, 5 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2037

O INCIO

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía de data 2 de xullo, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de dous xefes de brigada, dous peóns-condutores e seis peóns forestais para formar as brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais 2021 do Concello do Incio, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de tres (3) meses.

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o **prazo de cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na sede electrónica do Concello do Incio: <https://concellooincio.sedelectronica.gal>, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

O Incio, 2 de xullo de 2021.- O alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2019

LUGO

Anuncio

DECRETO 5729/2021 do 01/07/2021

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ARQUIVEIRO/A, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2020) e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día dezoito de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo 5/584 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO/A PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2020).

- Polo Decreto Nº 8064/2020 do 10/12/2020 resolveuse convocar o proceso selectivo convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Arquivo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2020), que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 5/584 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 18.11.2020

O antedito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 294, do 23 de decembro de 2020, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" núm. 31, de 16 de febreiro de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 61 do 12 de marzo de 2021.

- Con data do 14 de abril de 2021 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 3848/2021 do 11/05/2021 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 8064/2020 do 10/12/2020, para acceso en propiedade a unha praza de ARQUIVEIRO/A, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2020).

Dito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 116, do 25 de maio de 2021.

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 1 de xullo de 2021

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. número 099, do 2 de maio de 2017 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (no BOP de Lugo número 274, do 29 de novembro de 2018 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais), figurando na súa base DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

"Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior."

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. "A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos."

Terceiro.- Durante o prazo de enmendadas foron recibidas solicitudes de subsanación presentadas por D. Xabier Silva Simón e D.^a M^a del Pilar García García, aportando a documentación requirida.

Tendo en conta a proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 1 de xullo de 2021 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE**:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 8064/2020 do 10/12/2020, para acceso en propiedade a unha praza de ARQUIVEIRO/A, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2020) que se rexe polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo nº 5/584 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 18.11.2020 así como polas BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
ARAUJO SEOANE, JOAQUIN	***1170**
ARCAY BARRAL, ANGEL MARIA	***4024**
GARCIA GARCIA, MARIA PILAR	***8887**
GONZALEZ AGUIAR, BEGOÑA	***7042**
LOPEZ RODRIGUEZ, BEGOÑA	***6477**
LOPEZ VILLA, MARIA DEL VALLE	***2193**
LOUREIRO BADA, ROSA	***5340**
MENDEZ PAZOS, UXIO	***5342**
MONTERO SABIN, ELENA	***0674**
PEREIRA SANDAMIL, ANA BELEN	***4843**
PEREZ MARTINEZ, MARIA	***9055**
PEREZ TORRON, LAURA	***5722**
POLO TRASANCOS, MARTA	***8673**
RAMIREZ ABAL, BENITO	***8624**
REY MODIA, JESUS	***5363**
RIONEGRO DABARCA, ADRIANA	***1123**
SAAVEDRA CARBALLIDO, MARIA JESUS	***3607**
SAAVEDRA VIZOSOS, EMILIO ALBERTO	***5733**
SILVA ORTIZ, LORENZO	***9206**
SILVA SIMON, XAVIER	***6038**

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
CARREIRA LOPEZ, MARIA REGINA	***4450**	Aportar unha titulación non pertencente á especialidade de Artes e humanidades
PORTA GOMEZ, CRISTINA FATIMA	***2551**	Non aportar solicitude de participación no proceso selectivo

Segundo.- Fixar a data, hora e lugar de constitución do tribunal do seguinte xeito: Data: 12 de xullo de 2021

Hora: 16:00 horas.

Lugar: Sala de reunións da Secretaria Xeral sita na Casa Consistorial do Concello de Lugo.

Terceiro.- Fixar a data, hora e lugar de realización do primeiro exercicio do seguinte xeito:

Data: 14 de xullo de 2021

Hora: 16:00 horas.

Lugar: Centro de Convivencia Uxio Novoneyra, sito na Rúa Quiroga Ballesteros, 1

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 2036

SARRIA

Anuncio

Por parte do Concello de Sarria vaise proceder a seguinte contratación laboral temporal de persoal para a Brigada contra Incendios Forestais:

3 Conductores de motobomba.

Prazo de presentación de instancias: 10 días naturais, contados o día seguinte en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Bases para a selección, completas, publicadas no portal de transparencia do Concello de Sarria (carpeta 1.7.2): sede.sarria.es

Sarria, 1 de xullo de 2021.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2020

CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA

Anuncio

Luis Fernández Guitián, Presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, en relación ao proceso de selección de dous Técnicos/-as en Turismo para o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra ao abeiro do Plan de Sostibilidade Turística na Ribeira Sacra 2020-2023, en réxime de laboral temporal,

Vistas as solicitudes presentadas e a documentación que as acompaña,

RESOLVO,

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe provisional de admitidos/-as e excluídos/-as no proceso de selección de dous Técnicos/-as en Turismo para o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra ao abeiro do Plan de Sostibilidade Turística na Ribeira Sacra 2020-2023, en réxime de laboral temporal, conforme se recolle na seguinte táboa:

	APELIDOS E NOME	D.N.I.	ESTADO
1	JUNCAL SUÁREZ, IRIA	***736***	ADMITIDO/-A
2	LOPEZ RODRIGUEZ, LAURA	***169***	EXCLUIDA POR RENUNCIA VOLUNTARIA
3	RICO BOUZA, CRISTINA	***101***	ADMITIDO/-A
4	RUZO SANMARTIN, JOSÉ MARÍA	***204***	ADMITIDO/-A
5	SÁNCHEZ CALVIÑO, DIEGO	***969***	ADMITIDO/-A
6	LAMPÓN LAMPÓN, RAMONA	***352***	EN FASE DE REQUIRIMENTO
7	GÓMEZ TROADEC, RICHARD JOSEPH	***641***	ADMITIDO/-A

8	PRADO GONZALEZ, LUCÍA	***181***	EN FASE DE REQUIRIMENTO
9	DOMÍNGUEZ VALDES, XEILA	***562***	EN FASE DE REQUIRIMENTO
10	BARREIRO SANTOS, DIEGO ALBERTO	***022***	EN FASE DE REQUIRIMENTO
11	FERNÁNDEZ COLORET, EMMA	***713***	EN FASE DE REQUIRIMENTO
12	RODRÍGUEZ MOREIRAS, BEATRIZ	***737***	ADMITIDO/-A
13	MUGÜERZA MOURIÑO, ÁNGELES	***916***	EN FASE DE REQUIRIMENTO
14	RODRÍGUEZ FERVENZA, EVA	***511***	ADMITIDO/-A

SEGUNDO.- Que se notifiquen os requirimentos para a emenda de deficiencias na tramitación das solicitudes, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Que se advirta aos/ás candidatos/-as notificados/-as para emenda de deficiencias que, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no caso de non presentar a documentación no prazo de dez días hábiles, teráselle por desistido da súa petición e procederase ao arquivo das actuacións.

CUARTO.- Ordenar a publicación da presente resolución nos Boletíns Oficiais das Provincias de Ourense e Lugo e na sede electrónica do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

Ourense, 1 de xullo de 2021.-O Presidente, Luis Fernández Guitián, A Secretaria-Interventora, María del Carmen Limia Fernández.

R. 2021

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

Dado que o Concello de **AS NOGAIS (LUGO)** non elixiu xuíz de paz **SUBSTITUTO** para a dita localidade, realízase unha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos teñan interese en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña facendo constar o seguinte:

- 1º) Nome, apelidos, DNI (fotocopia), idade e enderezo.
- 2º) Se desenvolveron o cargo de xuíz de paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.
- 3º) Méritos que estimen oportunos.
- 4º) Profesión actual.

Todo isto faise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a praza antedita.

A Coruña, 21 de xuño de 2021.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2022

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/29544

El Ayuntamiento de Folgoso do Courel solicita la concesión de un aprovechamiento de 0,1038 l/s de agua procedente de un manantial, en el término municipal de Folgoso do Courel (Lugo) para abastecimiento al núcleo de Romeor, usos domésticos y ganaderos.

La captación se realiza en un manantial situado en la cuenca del Rego da Valiñosa a través de un tubo de PVC que conduce las aguas hasta una arqueta de 0,80x0,70 m situada a 3 m de la captación. Desde aquí son conducidas por una tubería de PEAD hasta el depósito desde el que se repartirán hasta el núcleo de Romeor.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Folgoso do Courel, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 22 de junio de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2024
